

EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL NA ESCOLA

Unha mirada desde a práctica



**Módulo 3. Experiencias en diferentes etapas educativas:
Educación Infantil**

Documento1-Módulo 3

Táboa de Contido

1. Introducción	3
2. Presentación do proxecto.....	3
3. Tipoloxía de centro.....	4
4. Obxectivos	4
5. Temáticas, contidos ou saberes	7
6. Metodoloxía: actividades ou acción desenvoltas.....	8
7. Procesos de avaliación implementados	11
Para saber mais.....	12
Para reflexionar	12
Recursos obrigatorios	12
Bibliografía utilizada na elaboración deste texto	13

1. Introducción

Obxectivos:

1. Coñecer e analizar unha experiencia real de introdución do enfoque da ECG no currículo da Educación Infantil.
2. Afondar nas competencias de deseño, desenvolvemento e avaliación dunha proposta didáctica desde o enfoque da ECG na etapa da Educación Infantil.

Contidos:

1. A relación entre o contexto local e global, e o deseño do proxecto.
2. A formulación de obxectivos didácticos e da ECG.
3. A selección de contidos didácticos e da ECG.
4. A proposta metodolóxica: estratexias metodolóxicas, tempos e recursos.
5. O deseño da proposta de avaliación.

2. Presentación do proxecto

A vaquiña polo que vale é un proxecto deseñado durante o curso 2015-2016 e implementado durante o curso 2016-2017, no marco do proxecto *Investigando a dimensión global da educación para o desenvolvemento: un proxecto piloto de investigación-acción colaborativa nun centro educativo en Galicia*, financiado pola Dirección Xeral de Relacións Internacionais e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, e desenvolto por quen agora conforman o Grupo de investigación ECIGAL e a ONG Solidariedade internacional de Galicia, no CPI Plurilingüe Virxe da Cela de Monfero (A Coruña).

O proxecto xurde pola situación de crise do sector lácteo, o cal é moi relevante para comarca na que se sitúa o centro. É un proxecto anual que se desenvolve a nivel de centro e se articula en tres plans, un por trimestre:

- Plan 1: Explotacións gandeiras (1º trimestre).
- Plan 2: O leite (2º trimestre).
- Plan 3: Mundo e sociedade (3º trimestre).

3. Tipoloxía de centro

O CPI Plurilingüe Virxe da Cela de Monfero acolle, no momento no que se desenvolve o proxecto, preto de 140 estudantes. Está situado no rural galego, nun contexto socioeconómico medio asentado no sector agrícola e gandeiro.

O centro educativo como axente de vertebración social preocúpase polo futuro da rexión e cre na necesidade de establecer procesos endóxeos de desenvolvemento sostibles que partan de fortalezas contextuais e prioricen o valor humano.



4. Obxectivos

O obxectivo principal do proxecto foi introducir a ECG dun xeito transversal e integral en todas as etapas que se imparten no centro educativo, intentando unir o

quefacer e a idiosincrasia do local con temáticas globais e de interese para a comunidade educativa.

Para a consecución deste obxectivo xeral, e xa en relación con cada plan, os obxectivos específicos que se formularon foron os seguintes:

Plan 1: Explotacións Gandeiras:

- a) Valorar o traballo do sector gandeiro.
- b) Analizar diferentes tipos de explotacións, identificando os aspectos xerais que as caracterizan.
- c) Coñecer as razas bovinas que se comercializan.
- d) Investigar a evolución do sector na rexión durante os últimos 70 anos, vendo o impacto no seu desenvolvemento.

Plan 2: O leite:

- a) Coñecer e analizar todo o proceso da produción do leite ata chegar a quen o consume: preparación, recollida e comercialización.
- b) Afondar na variedade de produtos derivados do leite e o seu valor nutritivo.
- c) Coñecer e valorar os custos de produción e comercialización, as tendencias de consumo e impacto ambiental.

Plan 3: Mundo e Sociedade:

- a) Analizar a imaxe que os medios de comunicación social ofrecen sobre o leite e o sector gandeiro.
- b) Reflexionar sobre a influencia destes medios no pensamento social e na promoción de desigualdades.
- c) Visibilizar o impacto social e ambiental a nivel global do consumo de produtos relacionados co leite.

Así, e de acordo coas dimensións da ECG, este proxecto inclúe a sensibilización, a formación, a investigación e a mobilización social, en tanto que permite:

- a) Dar visibilidade ao sector do leite como realidade problemática.
- b) Coñecer as causas que provocan a crise do sector leiteiro.
- c) Buscar solucións e alternativas esta situación.
- d) Impulsar accións concretas. tanto a nivel de centro como a nivel local.
- e) Facer un cuestionamento global desta realidade.

A nivel curricular, o traballo desde este enfoque contribuíu a abordar gran parte dos obxectivos recollidos para o segundo ciclo da Educación Infantil no currículo vixente naquel momento. Transferindo o deseño elaborado á normativa actual, pódese afirmar que A vaquiña polo que vale é un proxecto con potencialidade para desenvolver todos os obxectivos que o Decreto 155/2022 formula como obxectivos da etapa:

- Da área de Comunicación e representación da realidade:
 1. OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural
- Da área de Crecemento en harmonía:
 1. OBX3. Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable.
 2. OBX4. Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto, da diversidade e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos.
- Da área de Descubrimento e exploración da contorna:

1. OBX3. Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sustentable, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.
2. OBX4. Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

5. Temáticas, contidos ou saberes

Durante todo o proxecto traballáronse, cando menos, 16 temáticas da ECG: resolución de conflitos, xustiza social e valores ético-cívicos, xénero, movementos sociais, participación e democracia, interdependencia, globalización e corresponsabilidade Norte-Sur, comercio xusto e consumo responsable, diversidade funcional, interxeracionalidade, medios de comunicación, medioambiente e sustentabilidade.

A través delas puideron abordarse contidos de diferentes bloques de cada unha das tres áreas do segundo ciclo da Educación Infantil do currículo vixente no momento. Transferindo o deseño elaborado á normativa actual, pódese afirmar que A vaquiña polo que vale é un proxecto con potencialidade para abordar contidos pertencentes ás tres áreas que se recollen no Decreto 150/2022.

Así, na Área de comunicación e representación da realidade, o proxecto da cobertura: á intención e interacción comunicativas; á comunicación oral e escrita; á iniciación literaria, á linguaxe musical, plástica e visual, atendendo ao respecto polas producións alleas; e á alfabetización dixital a través da lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

Na área de Crecemento en harmonía, o proxecto aborda a identificación e o respecto das diferenzas, así como a aceptación da imaxe corporal e da identidade; os hábitos de vida saudables para o autocoidado e o coidado da contorna; e a interacción socioemocional na contorna.

E na área de Descubrimento e exploración da contorna A vaquiña polo que vale permite abordar contidos como: a identificación das nocións topográficas básicas no plano; a adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización (antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario, etc.); a exploración da contorna mediante a curiosidade, o pensamento científico e a creatividade; a influencia da intervención das persoas no medio físico, as relacións causa efecto, as accións non sustentables e a participación na contorna social.

6. Metodoloxía: actividades ou acción desenvoltas

O punto de partida foi unha pregunta espontánea do alumnado de Educación Infantil: “Os cornos das vacas sangran?” A ela seguíronlle outras preguntas, e considerouse interesante articular o proxecto en torno ás mesmas.

Cada grupo de preguntas relacionouse cun dos eixos temáticos xa deseñados, e a partir das mesmas foron xurdiron as actividades que se levaron a cabo ao longo do curso por todo o alumnado das diferentes etapas educativas.

As preguntas escribíronse en cartóns que se colocaron nun dos corredores do centro, servindo de panel de exposicións do proxecto. Ao longo do curso, a cada pregunta, fóronselle incorporando adhesivos co título das actividades relacionadas, co nome das persoas informantes e co resultado das investigacións do alumnado. Deste xeito, captouse visualmente o diálogo entre cursos, coas familias e cos membros da comunidade.

A nivel metodolóxico o proxecto baséase en 4 grandes principios:

1. A concepción democrática do currículo.

2. A aprendizaxe colaborativa.
3. A investigación autónoma.
4. A integración da comunidade familiar e veciñal como fontes de coñecemento escolar.

O conxunto de actividades e accións que se levan a cabo ao longo dos tres plans responden a tres enfoques metodolóxicos:

1. Enfoque globalizado, a través dos proxectos de investigación sobre a realidade.
2. Enfoque horizontal, a través das dinámicas de traballo colaborativo.
3. Enfoque práctico, a través da elaboración de documentación como poden ser: decálogos, vídeos, reportaxes, etc.

Como exemplo de actividades concretas nas distintas etapas educativas se poden mencionar as seguintes:

En **Educación Infantil** No marco do **Plan 1**, sobre explotacións gandeiras e en relación co patrimonio, elaborouse un dicionario onde se recollen os nomes das vacas. En relación ao comportamento ético, deseñouse un decálogo sobre o uso da vara como instrumento para “afalarlles” ás vacas. E en relación coa alimentación, desenvolveuse un proxecto sobre a creación de vitaminas para que as vacas dean leite.

En **Educación Primaria** o alumnado implicouse no marco das materias de Linguas, Matemáticas, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Valores Sociais e Cívicos, Robótica e Educación artística levando a cabo as seguintes actividades:

- Realización dun informativo para televisión sobre o impacto dalgúns produtos no medio ambiente (glifosfatos e sulfatos) e monocultivos como a palma.

- Deseño e programación dun xogo de ordenador sobre a diversidade funcional nas explotacións gandeiras, no que un personaxe cunha cadeira de rodas debe superar diferentes obstáculos dentro dunha granxa.

- Realización dunha liña do tempo sobre a evolución tecnolóxica do sector, para o que coleccionaron e analizaron imaxes e noticias.

- Produción e realización dun programa de radio con base na investigación e na entrevista a xente local sobre temáticas como a recollida de leite no pasado e no presente, o proceso de comercialización, a alimentación das vacas e a calidade do leite, etc.

Pola súa parte o alumnado da **ESO** realizou unha investigación sobre a evolución tecnolóxica (maquinarias) do sector lácteo na materia de Tecnoloxía.

No marco do **Plan 2**, sobre o leite e en **Educación Infantil**, investigouse sobre o proceso de produción do leite como exemplo da configuración dunha secuencia lóxica; elaborouse un proxecto sobre a creación da etiqueta perfecta, aproveitando para falar da publicidade enganosa; e xunto co alumnado da **ESO** analizouse o valor enerxético do leite e dos seus derivados.

O alumnado de **Primaria**, no marco da materia de Lingua Galega, elaborou un receptorio de comidas elaboradas con leite a partires de información recollida na casa.

No **Plan 3**, sobre o mundo e sociedade e na **Educación Infantil**, analizáronse diferentes novas de prensa sobre o pastoreo en prado e en granxa; e investigouse sobre os Masai, un pobo do leste de África dedicado principalmente ao pastoreo. reflexionouse sobre as similitudes e as diferencias que atopaban entre a realidade dos Masai e a súa realidade.

O alumnado de **Primaria** abordou a temática do leite na sociedade a través de entrevistas ás familias. E o alumnado da **ESO**, na materia de Educación Plástica,

Visual e Audiovisual, realizou unha recompilación e análise de anuncios do sector lácteo, así como de noticias de prensa sobre o sector en diferentes épocas.

Ademais, todo o conxunto de conmemoracións desenvoltas ao longo dese ano académico a nivel de centro, tiveron como temática eixo o proxecto A vaquiña polo que vale. Exemplo destas actividades nas que se implicou todo o centro son as seguintes:

- Creación do logotipo do proxecto: O centro lanzou un concurso no que calquera estudante podía presentar a súa proposta de logotipo. O logotipo gañador converteuse na imaxe oficial do proxecto.
- Celebración do Día da Paz degustando produtos lácteos e alimentos elaborados con leite de diferentes partes e culturas do mundo.
- Celebración do Entroido baixo a temática do proxecto.
- Celebración dos Maios: creación dunha alfombra floral coa imaxe dunha vaca con flores e herbas traídas polos nenos e nenas, que se presentou como símbolo do proxecto.
- Desfile de vacas: O centro foi decorado con debuxos de vacas elaborados por todo o alumnado do centro.

Todos estes procesos requiriron a xenerosa e rica colaboración, tanto das familias coma da veciñanza.

7. Procesos de avaliación implementados

O conxunto de contidos da ECG traballados ao longo dos tres Plans e perfectamente integrados cos contidos das tres áreas que establecía, naquel momento, o currículo da Educación infantil para a Comunidade Autónoma de Galicia, foron avaliados. A través da observación, da análise das producións do alumnado e dos intercambios comunicativos, o profesorado foi quen de sistematizar un proceso de avaliación

inicial, continua e final que permitiu valorar o grao de desenvolvemento do alumnado de acordo aos criterios que o propio currículo establecía, á vez que evidenciaban a pegada do enfoque da ECG a través das temáticas abordadas, das actividades realizadas e das producións resultantes. Este procedemento de avaliación, de acordo co exposto tanto no apartado relativo aos obxectivos, coma no apartado relativo aos contidos, é perfectamente transferible aos criterios de avaliación que se recollen no actual Decreto 150/2022.

Para saber mais

Consulta o mapa Cenit Mapa de experiencias de Educación para a cidadanía global.

<https://www.ecigal.gal/es/cenit-mapa>

<https://emapic.es/custom/cenitmapa>

Para reflexionar

Inspirándote no deseño deste proxecto, pensa nas posibilidades de emprender un proxecto similar nun centro educativo que coñezas. Reflexiona sobre o papel da realidade contextual na incorporación de temáticas ECG na educación regrada e a forma de establecer relacións local-global.

Recursos obrigatorios

Vídeo 5

Vídeo 6

Bibliografía utilizada na elaboración deste texto

Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/37869>

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/aprobada-e-publicada-no-dog/-/nt/0609/decreto-1552022-15-setembro-polo-que-establecen-ordenacion-curriculo-educacion?langId=gl_ES

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_gl.htmlProxecto de investigación

DePalma, Renée (2019). *La educación para el desarrollo y la ciudadanía global. Una experiencia de investigación-acción participativa*. Graó

Educación para a cidadanía global na escola: Unha mirada desde a práctica- Módulo 2. A introdución da Educación para a cidadanía global na escola



`
Este obra está bajo una licencia de Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional.`

Como citar este traballo: Méndez García, Rosa e Digón Regueiro, Patricia (2023). Documento 1 Módulo 3 Experiencias en diferentes etapas educativas: Educación Infantil. MOOC Educación para a cidadanía global na escola: Unha mirada desde a práctica. ECIGAL. Universidade da Coruña. Creative Commons. <https://udcaberta.udc.gal/>

Agradecemos á equipa directiva e profesorado do CEIP Virxe da Cela a difusión neste MOOC do proxecto A vaquiña polo que vale.

EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL NA ESCOLA

Unha mirada desde a práctica



Módulo 3. Experiencias en diferentes etapas educativas:

Educación Primaria

Documento2-Módulo 3

Táboa de Contido

1. Introducción	3
2. Presentación do proxecto.....	3
3. Tipoloxía de centro.....	3
4. Obxectivos	4
5. Temáticas, contidos ou saberes	6
6. Metodoloxía: actividades ou acción desenvoltas.....	7
7. Procesos de avaliación implementados	9
Para saber mais.....	9
Para reflexionar	10
Bibliografía utilizada para a elaboración do texto.....	10

1. Introducción

Obxectivos:

1. Coñecer e analizar unha experiencia real de introdución do enfoque da ECG no currículo da Educación Primaria.
2. Afondar nas competencias de deseño, desenvolvemento e avaliación dunha proposta didáctica desde o enfoque da ECG na etapa da Educación Primaria.

Contidos:

1. A relación entre o contexto local e global, e o deseño do proxecto.
2. A formulación de obxectivos didácticos e da ECG.
3. A selección de contidos didácticos e da ECG.
4. A proposta metodolóxica: estratexias metodolóxicas, tempos e recursos.
5. O deseño da proposta de avaliación.

2. Presentación do proxecto

Aprendendo a convivir é unha experiencia de ECG realizada nas etapas de Educación Infantil e Primaria no centro escolar máis grande de Galicia, o CEIP Ponte dos Brozos.

3. Tipoloxía de centro

O centro educativo CEIP Ponte dos Brozos, é un centro de Educación Infantil e Primaria con máis de 1000 alumnos e alumnas que está situado en Arteixo (A Coruña), concello semiurbano moi industrializado. O perfil demográfico é moi diverso, o que axuda ao enriquecemento da aprendizaxe. Defende un modelo

educativo baseado no diálogo e na convivencia, e forma parte de dúas redes: a Rede de Escolas de Amnistía Internacional e a Rede de Escolas da UNESCO.



4. Obxectivos

O obxectivo principal da iniciativa, é fomentar no alumnado un espírito crítico e unha actitude proactiva para acadar un mundo máis xusto, inclusivo e tolerante.

Así, nesta experiencia, os obxectivos da Educación para a cidadanía global que se traballan son os seguintes:

- Recadar fondos: xa que se realizou unha axuda de material ante a situación crítica de familias de Mozambique, e outra de fondos para proxectos de educación, supervivencia e protección de menores vítimas de conflitos armados.
- Visibilizar unha realidade problemática, a través de dúas propostas onde se traballaron os estereotipos sexistas no eido da publicidade, os contos e as películas; e dando a coñecer mulleres relacionadas co mundo STEM.
- Buscar a incidencia política, realizando accións para denunciar inxustizas, como escribir postais a presos e presas de conciencia, manifestando solidariedade, ou facendo reivindicacións o día da celebración do cumio do clima.

- Impulsar accións concretas, a través de diferentes actividades para mellorar a tolerancia e o respecto ás diferenzas, dada a gran diversidade existente no centro educativo. Realízanse en colaboración con ONGs a través da formación de alumnos e alumnas e mediadores e mediadoras e a través de obradoiros, creación de monicreques, e análise de películas, novelas e series.

A partir destes obxectivos, podemos ver as dimensións da ECG traballadas, como:

- A sensibilización, xa que a través de accións puntuais e a curto prazo buscan dar visibilidade a realidades problemáticas como a desigualdade de xénero ou a pobreza.
- Formación, xa que se pretende comprender as problemáticas do propio centro e poñer en marcha accións formativas e actuacións directas para a mellora, a través de grupos de mediación.
- Incidencia política e mobilización social, como interlocutores cos representantes públicos e a través de manifestacións.
- Investigación, realizando análise de estereotipos de xénero nos medios de comunicación.

No plano curricular, o traballo desde este enfoque contribuíu tamén a abordar gran parte dos obxectivos que o currículo vixente no momento do desenvolvemento da iniciativa regulaba para as ensinanzas da Educación Primaria. Transferindo o deseño elaborado á normativa actual, pódese afirmar que este conxunto de accións teñen potencialidade para desenvolver todos os obxectivos que o Decreto 150/2022 formula para a Educación Primaria, en concreto se poden mencionar os seguintes:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas con empatía, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
3. Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
5. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

5. Temáticas, contidos ou saberes

Os contidos da ECG traballados foron diversos. Aprendeuse sobre medio ambiente, sustentabilidade, consumo responsable; sobre dereitos humanos; sobre cultura de paz e resolución pacífica de conflitos; sobre igualdade de xénero, coeducación e como loitar contra a violencia de xénero; sobre a pobreza, a desigualdade, a exclusión social e a xustiza social; e tamén, sobre temas relacionados coas migracións, os refuxiados, as relacións Norte-Sur e a educación intercultural.

O volume e diversidade de temáticas e accións desenvoltas fai posible incorporar contidos disciplinares de todas as materias de todos os cursos, segundo o Decreto 155/2022 polo que se regula o currículo desta etapa.

6. Metodoloxía: actividades ou acción desenvoltas

Os contidos da ECG mencionados, trabállanse a través de diferentes metodoloxías:

- De enfoque globalizado do contido, mediante unha aprendizaxe baseada en proxectos.
- De enfoque horizontal, a través da aprendizaxe cooperativa.
- De enfoque experiencial, a través de obradoiros e saídas.
- De enfoque conceptual, a través de charlas.

As accións que se levaron a cabo foron tanto a nivel de centro como de aula, e tanto de forma puntual como a máis longo prazo. Moitas das actividades incorporáronse ás dinámicas das aulas, integrando os contidos da ECG cos contidos curriculares das distintas áreas e traballando as distintas competencias. Entre as accións realizadas en relación con cuestións relacionadas co medioambiente se pode mencionar as seguintes:

- En torno ao proxecto “Desplastifícate”, que nace na Rede de Escolas asociadas á UNESCO, lévanse a cabo distintas accións, como “Recreos Residuos Cero” , que parte do colectivo “Teachers for future” e pretende concienciar ao alumnado, ás familias e ao profesorado da eliminación de plásticos dun só uso nas merendas. Faise unha labor de sensibilización coa difusión de vídeos, publicacións nas redes sociais do centro e enchendo o colexio de carteis chamando á mobilización. Tamén se elaboran rexistros de cada unha das aulas cos plásticos utilizados para ver como ía descendendo o seu uso. Ademais, participaron en diversos programas de reciclaxe e de obxectos / embalaxes reutilizables, con recollidas de bolígrafos, rotuladores, que se envían ao punto que Terracycle ten en Ferrol e en Betanzos.
- Outra acción foi a colaboración na campaña de reciclaxe de móbiles “Mobilízate pola selva” do instituto Jane Goodall, a través da que se fan visibles as consecuencias que ten a excesiva demanda de coltán e outros

minerais en países produtores como a República Democrática do Congo. Como sabemos a extracción destes minerais é causante de guerras polo control das minas, deforestación, contaminación, e matanzas de animais en perigo de extinción como gorilas e chimpancés.

- Con motivo da Semana polo Clima se levaron a cabo actividades diversas: como manifestacións de protesta pola situación do Mar Menor, e peticións aos gobernantes.
- Un proxecto a longo prazo que tamén se leva a cabo no centro é a realización de diversas actividades educativas que xiran en torno á horta e ao vermi-composteiro.

En canto as accións pola igualdade de xénero e contra a violencia de xénero vertebráronse arredor do proxecto “Creando Igualdade”, a partir do cal se analizou o sexismo en contos, publicidade, películas, reflexionando, debatendo e creando novas mensaxes. Tamén se participou no concurso “Wisibilízalas”, dando a coñecer mulleres no mundo STEM. Fíxose un poemario co traballo de mulleres poeta, con códigos QR para atopar vídeos do alumnado recitando os poemas, e realizáronse numerosas actividades de creación de mensaxes reivindicativas con motivo do Día contra a Violencia de xénero.

Por último, en relación coas accións relacionadas coa convivencia, a cultura de paz e a educación intercultural, destaca o proceso de formación e creación de equipos de mediación, nos que o alumnado intercede na resolución de conflitos. Tamén destaca a experiencia “Compartindo o noso tempo” na que se levaron a cabo visitas e actividades conxuntas coa residencia de terceira idade do Concello. E o obradoiro desenvolto pola ONG Mestura, co título “Vivimos e convivimos”, co que se busca mellorar a tolerancia e o respecto ás diferenzas presentando situacións abusivas e reflexionando para xerar actitudes máis tolerantes.

Finalmente tamén debemos mencionar accións solidarias, como:

- A participación no proxecto “Sementes da Manhá” co que se busca axudar ás rexións máis desfavorecidas de Mozambique.
- A colaboración na campaña de Save the Children “Marcapáxinas solidarios”, coa que se da visibilidade á situación das nenas e nenos refuxiados, e faise unha recadación de fondos coa creación de marcapáxinas.
- Ou a participación no concurso do Banco de Alimentos Rías Altas na súa campaña contra a fame e o malgasto de alimentos.

7. Procesos de avaliación implementados

A avaliación do proxecto Aprendendo a convivir implica varios procesos nos que se teñen en conta, tanto as aprendizaxes do alumnado como a reflexión conxunta sobre o desenvolvemento e resultados das accións postas en marcha. É unha avaliación encamiñada á mellora, e da que forman parte os diversos produtos finais creados polo alumnado a partir das diversas accións realizadas.

A avaliación é realizada polo Equipo de Convivencia do centro como encargado de mobilizar o proxecto, e implicando ao resto do claustro. Ao final de do curso a Coordinadora do equipo redacta unha memoria cos aspectos tratados e posibles propostas de mellora, esta memoria é revisada e aprobada, primeiro polo Equipo de Convivencia, e despois polo Equipo Directivo, informando posteriormente ao Claustro e ao Consello Escolar.

Para saber mais

Consulta o mapa Cenit Mapa de experiencias de Educación para a cidadanía global.

<https://www.ecigal.gal/es/cenit-mapa>

<https://emapic.es/custom/cenitmapa>

Para reflexionar

Inspirándote no deseño deste proxecto, pensa nas posibilidades de emprender un proxecto similar nun centro educativo que coñezas. Reflexiona sobre o papel da estrutura organizativa dun centro escolar (unidades organizativas e roles) na incorporación do enfoque da ECG como proposta educativa.

Recursos obrigatorios

Vídeo 7

Bibliografía utilizada para a elaboración do texto

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/aprobada-e-publicada-no-dog/-/nt/0609/decreto-1552022-15-setembro-polo-que-establecen-ordenacion-curriculo-educacion?langId=gl_ES

Educación para a cidadanía global na escola: Unha mirada desde a práctica- Módulo 2. A introdución da Educación para a cidadanía global na escola



`
Este obra está baixo una licencia de Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional.`

Como citar este traballo: Digón Regueiro, Patricia, Naya Riveiro, Cristina e Méndez García, Rosa (2023). Documento 2 Módulo 3 Experiencias en diferentes etapas educativas: Educación Primaria. MOOC *Educación para a cidadanía global na escola: Unha mirada desde a práctica*. ECIGAL. Universidade da Coruña. Creative Commons. <https://udcaberta.udc.gal/>

Agradecemos á equipa directiva e profesorado do CEIP Ponte dos Brozos a difusión neste MOOC do proxecto *Aprendendo a convivir*.

EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL NA ESCOLA

Unha mirada desde a práctica



**Módulo 3. Experiencias en diferentes etapas educativas:
Educación Secundaria**

Documento3-Módulo 3

Táboa de Contido

1. Introducción	3
2. Presentación do proxecto.....	3
3. Centros participantes	4
4. Obxectivos	5
5. Temáticas, contidos e ou saberes.....	5
6. Metodoloxía: actividades ou acción desenvoltas.....	7
7. Procesos de avaliación implementados	9
Para saber mas.....	11
Para reflexionar	11
Recursos obrigatorios	11
Bibliografía utilizada na elaboración do texto	11

1. Introducción

Obxectivos:

1. Coñecer e analizar unha experiencia real de introdución do enfoque da ECG no currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.
2. Afondar nas competencias de deseño, desenvolvemento e avaliación dunha proposta didáctica desde o enfoque da ECG na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria.

Contidos:

1. A relación entre o contexto local e global, e deseño do proxecto.
2. A formulación de obxectivos didácticos e da ECG.
3. A selección de contidos didácticos e da ECG.
4. A proposta metodolóxica: estratexias metodolóxicas, tempos e recursos.
5. O deseño da proposta de avaliación.

2. Presentación do proxecto

O tesouro de Acahualinca é un proxecto desenvolvido pola ONG Solidariedade Internacional de Galicia ao longo do curso 2012-2013 e dirixido a alumnado e profesorado de Educación Secundaria, no cal participaron máis de 1500 alumnos e alumnas de 15 centros educativos diferentes.



3. Centros participantes

Os centros participantes no proxecto os seguintes:

1. IES Dionisio Gamallo de Ribadeo
2. IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz
3. IES Mugarbos
4. IES Melide
5. IES Ames
6. IES Isidro Parga Pondal de Carballo
7. IES Alfonso X O Sabio de Cambre
8. IES Castro Alobre de Vilagarcía de Arousa
9. CPI de Vedra
10. IES San Paio de Tui
11. IES Allariz
12. IES Blanco Amor de Ourense
13. IES Chamoso Lamas de O Carballiño
14. CPI Virxe da Saleta de Cea
15. IES de Poio

A selección dos centros de secundaria participantes no proxecto respondeu principalmente á fidelización dos destinatarios. En primeiro lugar, quería traballar con institutos que contaran cunha traxectoria de colaboración e traballo previo con Solidariedade Internacional de Galicia, posto que isto permitía manter e consolidar a relación de colaboración mutua. Buscábase concentrar as actuacións co fin de incrementar o impacto na comunidade educativa, apostando así por obxectivos educativos cada vez máis ambiciosos e comprometidos. En segundo lugar, se quería traballar con centros de perfís diferentes (uns do rural, outros das cidades, uns con gran número de alumnado ou varias liñas, outros con un número máis reducido de alumnos/as...) asegurando que o proxecto se desenvolvese en cada un deles como unha práctica situada, e non como un mero dispositivo metodolóxico, para dar lugar á xeración de procesos idiosincrásicos en función das características propias en cada centro, de cada docente e de cada grupo de estudantes.

4. Obxectivos

O principal obxectivo do proxecto foi facilitar a comprensión das desigualdades Norte-Sur, e das políticas da cooperación ao desenvolvemento como ferramenta para mitigalas. Este obxectivo, concretouse na análise dunha situación de empobrecemento concreto: o vertedoiro da Chureca, situado no barrio de Acahualinca, en Nicaragua.

Acahualinca é un barrio capitalino do extraradio de Managua, asentado á veira do lago Solotelán, no extremo noroeste da cidade. Trátase dun barrio empobrecido e marxinal, no que preto do 90% da poboación vive directa ou indirectamente, da recollida e reciclaxe do lixo da Chureca.

5. Temáticas, contidos e ou saberes

Ao longo do proxecto abordáronse varias problemáticas concentradas nas seguintes temáticas:

- Desigualdades Norte – Sur.
- Pobreza.
- Marxinalidade e exclusión social.
- Dereitos Humanos.
- Traballo infantil e explotación laboral.
- Desigualdade de xénero.
- Medioambiente.
- Educación para a paz.
- E interculturalidade.

Ademais traballáronse os seguintes atributos da cidadanía global:

- En canto a coñecementos, traballouse a comprensión das inxustizas sociais, da equidade, das desigualdades, das interrelacións Norte-Sur, e das nosas responsabilidades como cidadáns globais.
- En canto ás habilidades ou destrezas traballouse a habilidade para recoñecer as inxustizas, a capacidade para colaborar e cooperar con outras persoas, a habilidade para a resolución pacífica de conflitos, a capacidade de escoitar, ter voz e deliberar, e a capacidade para argumentar e chegar a acordos e compromisos.
- Finalmente, en canto a actitudes e valores, traballouse a solidariedade, a tolerancia, a empatía, a conciencia crítica, o respecto polos dereitos humanos, o compromiso coas realidades do Sur, e as actitudes optimistas e proactivas cara a transformación social.

Aínda que se partía inicialmente dun enfoque paracurricular, foise avanzando na implicación do currículo a través das materias impartidas polo profesorado

implicado no proxecto. Todas elas eran afíns aos contidos da ECG (sociais, etica, cidadanía, etc.) e foron incorporando os contidos do proxecto nas dinámicas e contidos traballados nas aulas.

Pensando no grao de adecuación do proxecto á normativa educativa vixente, pódese afirmar que o volume e diversidade de temáticas e accións desenvoltas fai posible incorporar contidos disciplinares de todas as materias e todos os cursos, segundo o Decreto 156/2022 polo que se regula o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.

6. Metodoloxía: actividades ou acción desenvoltas

Para acadar os obxectivos e traballar as distintas temáticas, o proxecto desenvolveuse a partir de dinámicas activas e participativas, sendo o enfoque socioafectivo e os xogos de rol, os que permitiron combinar a transmisión de información coa vivencia persoal, logrando así unha integración total do aprendido.

As accións desenvolvidas ao longo do proxecto foron as seguintes:

- En primeiro lugar, realizouse un traballo previo co profesorado participante, que partiu da recollida e esquematización de información chave sobre a situación a traballar, de tal xeito que o propio profesorado puidera situar ao alumnado no contexto.
- En segundo lugar creouse un espazo web propio do proxecto, para facilitar un contacto directo e permanente entre o persoal da ONG, o profesorado e o alumnado participante. Neste espazo web ademais se ía proporcionando información de interese sobre Acahualinca e a Chureca, así como actualizacións sobre todas as accións do proxecto.
- O terceiro paso consistiu no desenvolvemento de dúas accións directas en aula, con presenza de educadoras de Solidariedade Internacional de Galicia,

as cales percorreron os 15 centros participantes realizando obradoiros co alumnado.

Estes obradoiros foron os seguintes:

- O primeiro foi guiado a través da dinámica “Folla de ruta”, que constou de tres partes: desvelar, enfocar e actuar:

1. Desvelar: mediante a proxección dun documental, o alumnado foi observando e caracterizando a situación do barrio de Acahualinca, especificamente a problemática derivada do vertedoiro da Chureca

2. Enfocar: mediante un xogo de rol, o alumnado foise poñendo na pel de diferentes grupos sociais implicados na Chureca, vivenciando en primeira persoa a complexidade da problemática que rodea o vertedoiro. E dicir, puideron coñecer a problemática aínda moito máis de cerca.

3. Actuar para transformar: despois de ter adquiridas diferentes perspectivas do caso, o alumnado foi elaborando propostas e ideas concretas para mellorar as situacións de empobrecemento e desigualdade observadas, asignando dereitos, obrigas e responsabilidades aos diferentes axentes chave, pero tamén identificando cales eran os cambios de valores, actitudes e comportamentos necesarios, tanto a nivel micro como macro, para que esa transformación fora posible.

Entre o primeiro obradoiro e o segundo, o alumnado elaborou como produto solidario, diferentes vídeos participativos nos que expuxeron a realidade da mocidade galega, coa finalidade de establecer un diálogo entre a xuventude de ambos países.

- O segundo obradoiro foi a visita do Sur, pois tres mozos de Nicaragua, concretamente da Chureca viñeron a Galicia no marco do proxecto. Yelda, Paola e Juan, estiveron presentes nas aulas de todos os institutos

participantes, compartindo charlas e vivencias co alumnado galego. Os tres, xogaron un papel fundamental, pois foi a actividade mellor valorada e máis motivadora para o alumnado, que puido coñecer en primeira persoa o contexto traballado no proxecto.

O peche do proxecto foi un encontro final entre todo o alumnado dos 15 centros participantes e os mozos de Nicaragua. O mesmo consistiu nun concerto en directo do grupo PachaMama Crew, no que todos e todas cantaron xuntos a canción “El tesoro de Acahualinca”.

7. Procesos de avaliación implementados

A ONGD Solidariedade Internacional de Galicia avaliou a satisfacción do profesorado e do alumnado co proxecto, pasando unha enquisa ao finalizar cada sesión. Na mesma se ían preguntando cuestións relacionadas con: os contidos traballados no proxecto, as metodoloxías empregadas nos obradoiros e actividades, os tempos e a xestión dos mesmos, a capacidade das educadoras para transmitir e chegar a reflexións, as actividades que máis motivaron ao alumnado a participar, as que menos, etc. Nesta avaliación tamén se preguntou sobre o que aprenderon co proxecto.

Os resultados desta avaliación de satisfacción indicaron que o elemento mellor valorado do proxecto foi a Visita do Sur, é dicir, a oportunidade de poder compartir e coñecer aos tres mozos/as que nos visitaron desde Acahualinca (Nicaragua), escoitar as súas historias de vida e poder falarlles de como vive a mocidade aquí en Galicia. Tamén o concerto final resultou moi ben valorado xa que abriu a oportunidade de xuntarse co resto de mozos e mozas doutros centros educativos. Asemade, as e os estudantes manifestaron a súa preferencia por metodoloxías participativas, experienciais e creativas, como as que se empregaron cos xogos de rol, os vídeos participativos e outras.

En termos de aprendizaxe, para o alumnado o máis destacable foi o contraste das desigualdades sociais que se expresan a nivel planetario, as loitas sociais, o racismo e o coñecemento de culturas de lonxe. Resaltan o valor e a loita pola educación que transmiten as testemuñas persoais e vivenciais dos mozos e mozas da Chureca. Resaltan o contraste entre o sentimento de obriga que eles teñen, coa necesidade imperiosa, apreciada e abrazada de educación que senten os/as mozos/as da Chureca.

Pola súa banda, o profesorado sinala os condicionantes temporais, e de horarios das materias, como unha das principais limitacións para afondar nos contidos. Ademais, se pide unha maior presenza e continuidade do persoal de Solidariedade Internacional Galicia nos centros. Respecto dos contidos, sinalan que permiten achegar a realidade dos países do Sur á escola, posibilitando a aprendizaxe dos Obxectivos do Cumio do Milenio (ODM) e a familiarización con temáticas vinculadas coa xustiza social, como a erradicación da pobreza, a violación dos Dereitos Humanos ou a equidade de xénero. Afirmar que o proxecto axuda a relacionar os contidos das materias co mundo e a realidade social, e permite vincularlas coa formación dunha cidadanía comprometida.

En relación co impacto do proxecto no alumnado, o profesorado considera que promoveu o cambio de ideas e actitudes pero non tanto de actuacións ou comportamentos. A experiencia directa cos churequeiros/as viuse como o detonante do cambio, a partir da empatía que xerou e do contraste que supuxo, facéndolles máis conscientes das súas vantaxes e mesmo privilexios. Isto promoveu dalgunha maneira o seu desenvolvemento como cidadáns e cidadás, abríndose ao mundo e dándose conta do lugar que ocupan nel.

Para saber mas

Consulta o mapa Cenit Mapa de experiencias de Educación para a cidadanía global.

<https://www.ecigal.gal/es/cenit-mapa>

<https://emapic.es/custom/cenitmapa>

Para reflexionar

Inspirándote no deseño deste proxecto, pensa nas posibilidades de emprender un proxecto similar nun centro educativo que coñezas. Reflexiona sobre o papel das ONGs como axentes aliadas de cara á incorporación do enfoque da ECG na educación regrada.

Recursos obrigatorios

Vídeo 8

Bibliografía utilizada na elaboración do texto

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_gl.html Proxecto de investigación

Rodríguez, Mar; Zapico, M^a Helena; Graña, Apolinar; Digón, Patricia; Longueira, Silvana; Cotelo, M^a Dolores e Pérez, M^a Cristina (2015). Investigar en Educación para el Desarrollo II. Estudio de caso del proyecto "O Tesouro de Acahualinca" de Solidaridad Internacional de Galicia . Gema Celorio y Alicia López de Munain (Comp.). *Cambiar la educación para cambiar el mundo ... ¡Por una acción educativa*

emancipadora! Comunicaciones, págs. 286-292. Vitoria: HEGOA y Universidad del País Vasco.

Educación para a cidadanía global na escola: Unha mirada desde a práctica- Módulo 2. A introdución da Educación para a cidadanía global na escola



`
Este obra está bajo una licencia de Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional.`

Como citar este traballo: Lampón Gude, Ana, Digón Regueiro, Patricia e Méndez García, Rosa (2023). Documento 3 Módulo 3 Experiencias en diferentes etapas educativas: Educación Secundaria. *MOOC Educación para a cidadanía global na escola: Unha mirada desde a práctica*. ECIGAL. Universidade da Coruña. Creative Commons. <https://udcaberta.udc.gal/>